

Tal e como se recolle na Circular 10/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais as actividades complementarias deberán axustarse –tanto na súa posta en marcha como para a súa certificación- ó seguinte:

1.1.- A súa organización axustarase ó disposto no Capítulo III do Decreto 324/96 do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) no que se regulan estas actividades.

1.2.- Dentro das actividades complementarias inclúense os períodos lectivos complementarios que completarán o horario lectivo do profesorado e terán como obxectivo prioritario reforza-la expresión e comprensión dos idiomas impartidos, tanto na súa forma falada como escrita e de acordo cos obxectivos establecidos para cada ciclo.

1.3.- De acordo cos recursos dispoñibles e sempre que os alumnos oficiais queden atendidos, cada departamento poderá impartir dentro destes períodos, as seguintes actividades:

- a) Comprensión oral: nivel básico, intermedio e avanzado.
- b) Expresión oral: nivel básico, intermedio e avanzado.
- c) Comprensión escrita: nivel básico, medio e avanzado.
- d) Expresión escrita: nivel básico, medio e avanzado.
- e) Mediación: nivel básico, medio e avanzado.

1.4.- A asistencia será voluntaria para o alumnado.

1.7.- A certificación expedirase unicamente a aqueles alumnos que o soliciten expresamente ó comezo do curso. Para iso deberán inscribirse nunha listaxe a cargo do profesor que imparta a actividade, que fará o seguimento diario da súa asistencia ás clases. Dito documento, anexado a estas Instrucións, entregarase, rematada a actividade, á Xefatura de Estudos, quen deberá arquivala e poñela á disposición do Servicio de Inspección.

1.8.- Non se expedirá ningún certificado si faltase, xustificadamente máis dun 20% ou máis dun 10% de faltas sen xustificar das horas totais que dure a actividade ou ben, cando tendo asistido, non se supere a avaliación final.

1.9.- Cada actividade avaliarase ó remate do curso escolar pola Comisión de Coordinación Pedagóxica propoñendo á Inspección a súa renovación, anulación ou substitución por outra actividade.